



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE DESENVOLVE A LEI 3/1983, DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, PARA A PROMOCIÓN DO GALEGO NO ENSINO, NO MARCO DA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, nas súa sesión do día 29 de marzo de 2007, emite o seguinte ditame en relación co Proxecto de decreto polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a promoción do galego no ensino, no marco da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- 1.- No punto 3 do artigo 2, o Consello Escolar de Galicia propón que se engada despois de: “... actas, comunicados e anuncios,”; o seguinte texto: **“documentos como o proxecto educativo de centro, programación xeral anual, programacións, etc.”**. (Páxina 2, liña 25).
- 2.- Para o primeiro parágrafo do artigo 3, propónse a supresión da seguinte expresión: **“especialmente da Escola Galega da Administración Pública”**. (Páxina 2, liña 33).
- 3.- Tamén se propón, nese parágrafo, a inclusión do texto: **“e dos servizos de apoio aos mesmos”** a continuación de: “... que garanta que todo o persoal dos centros educativos ...”. (Páxina 2, liña 34).
- 4.- No mesmo parágrafo do artigo 3, propónse un texto de engadido que diga: **“Así como en aspectos sociolingüísticos e en actitudes positivas cara ao uso e normalización do noso idioma”**. (Páxina 2, liña 35).
- 5.- Propónse a substitución do título do artigo 4 polo seguinte: **“Formación do profesorado novel”**. (Páxina 2, liña 40).
- 6.- No final do parágrafo do artigo 4, propónse o seguinte texto de engadido: **“, así como en aspectos sociolingüísticos e en actitudes positivas cara ao uso e normalización do noso idioma”**. (Páxina 3, liña 1).
- 7.- A continuación dese mesmo parágrafo, propónse a inclusión dun novo co seguinte texto: **“Esta mesma formación recibirana os docentes do ensino privado concertado no seu primeiro ano de docencia”**. (Páxina 3, liña 3).
- 8.- No artigo 6, despois da expresión: “No caso de contornos castelanfalantes, ...”; propónse a inclusión do seguinte texto: **“sen prexuízo dos plans experimentais que os centros poidan establecer, ...”**. (páxina 3, liña 15).



9.- No punto 4 do artigo 13, propónse a inclusión de: **“co apoio da inspección educativa e administración educativa”**; despois de: “..., o profesorado”. (Páxina 5, liña 1).

10.- No punto 1 do artigo 15, propónse a substitución de: “artigo 10”; por: **“artigo 14”**. (Páxina 5, liña 33).

11.- No punto 2 do artigo 15, propónse unha nova redacción co seguinte texto: **“As solicitudes de exencións dirixíranse ás direccións dos centros. No caso dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, as súas direccións resolverán sobre a concesión ou denegación no prazo máximo de dez días hábiles, contados a partir da presentación da documentación completa. No caso dos centros concertados e dos centros privados, a resolución correspóndelle á dirección dos centros públicos aos que estean adscritos”**. (Páxina 5, liña 35).

12.- No punto 1 do artigo 17, propónse a substitución de: “da xefatura de estudos”; polo seguinte: **“do director ou directora”**. (Páxina 6, liña 8).

Nese mesmo punto, propónse a substitución de: “por profesorado, por representantes do alumnado, ...”, polo seguinte: **“por profesorado, por representantes do alumnado, agás no ensino infantil e primario, e por representantes do persoal non docente, propostos respectivamente polo claustro, a xunta de delegados e o persoal non docente.”** (Páxina 6, liña 9).

13.- No artigo 17, propónse engadir un novo punto co seguinte texto: **“Os equipos de normalización lingüística contarán con apoio técnico necesario e os centros terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego”**. (Páxina 6, liña 24).

14.- Para o artigo 20, propónse unha nova redacción: **“Os servizos de inspección velarán para que en todos os centros educativos se cumpra a normativa vixente sobre normalización lingüística e comunicarán, se é o caso, ás delegacións provinciais competentes as irregularidades observadas, para que o máximo representante destas delegacións decida sobre as medidas correctoras que sexan necesarias no caso de incumprimento”**. (Páxina 6, liña 38).

15.- Na disposición adicional primeira, ao final do parágrafo, propónse un texto de engadido que diga: **“..., garantindo, como mínimo, que o alumnado reciba o cincuenta por cento da docencia en galego”**. (Páxina 7, liña 2).

16.- Propónse a inclusión dunha nova disposición adicional, que diga: **“Ensino do galego en territorios limítrofes.**

Tendo en consideración a existencia de territorios exteriores e limítrofes a Galicia nos que por tradición cultural hai un importante número de habitantes galegofalantes, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Política Lingüística realizarán e desenvolverán, a través da Xunta de Galicia, convenios, nos



termos que se determinen, coas autoridades competentes das Comunidades Autónomas afectadas a fin de facilitar mediante os seus servizos e apoios o coñecemento e uso do galego, a través da formación dos escolares concernidos”. (Páxina 7, liña 19).

17.- O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que, no caso de que se demorase a publicación deste Decreto no Diario Oficial de Galicia, estude a posibilidade de que os centros educativos poidan adiar ata o 30 de novembro a achega do proxecto lingüístico do centro aos servizos de inspección educativa.

18.- Tamén lles recomenda á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e á Secretaría Xeral de Política Lingüística a que poñan en marcha accións encamiñadas a que os materiais elaborados polos colexios e institutos que se caracterizan, xa a día de hoxe, polo seu papel normalizador, e que cumpran os criterios pedagóxicos, científicos e lingüísticos estipulados, poidan publicarse e difundirse ao resto da comunidade educativa. O Decreto podería adiantar de xeito xeral este tipo de medidas a desenvolver en convocatorias posteriores.

O Secretario

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

V. e Pr.
A Vicepresidenta

Asdo.: Milagros Blanco Pardo